

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Lugar e data da súa sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha parte, Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Rosa María Crujeiras Casais, reitora da Universidade de Santiago de Compostela, nomeada polo Decreto 26/2026, do 6 de abril que actúa en nome e representación da entidade Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), CIF Q1518001A, no uso das atribucións que lle confire o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o art.82 do Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade, publicados no DOG N° 29. do 12 de febreiro de 2014 (BOE 50, do 27 de febreiro), que outorgan á reitora a facultade para asinar convenios en nome da USC.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- As Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



Segundo.- O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

Terceiro. O Parlamento Europeo na súa resolución na súa Resolución sobre *unha campaña europea sobre tolerancia cero ante a violencia contra as mulleres (Diario Oficial nº C 304 de 06/10/1997)* chama a atención das institucións europeas sobre a *"necesidade de realizar accións europeas de tolerancia cero respecto da violencia contra as mulleres"*. Estas accións inscribíense no marco do seguimento da Declaración e Plataforma de acción de Beijing adoptada por resolución da Organización das Nacións Unidas o 15 de setembro de 1995, da vontade da Comisión Europea de integrar a dimensión "xénero" en todas as súas políticas e particularmente no marco dos seus programas específicos, e máis especificamente aos agresores reais ou potenciais, aos nenos e nenas testemuñas da violencia familiar e ás mulleres vítimas de violencia, favorecendo a cooperación entre os distintos axentes, como os servizos públicos e as ONGs, así como a participación activa da sociedade civil.

Cuarto.- A Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución Española; no Estatuto de Autonomía de Galicia; na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

Quinto.- A Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece, na súa



disposición adicional segunda, que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia na materia obxecto desta lei, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral educativo e de investigación, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero, e que a Xunta de Galicia habilitará os instrumentos de colaboración necesarios para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

Sexto.- En decembro de 2017, os distintos Grupos Parlamentarios, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais ratificaron o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Este Pacto de Estado, cuxa renovación foi acordada pola maioría dos partidos políticos con representación parlamentaria o 25 de novembro de 2021, supón a unión dun gran número de institucións, organizacións e persoas expertas na formulación de medidas para a erradicación da violencia sobre as mulleres e, sendo conscientes de que o Pacto de Estado debe continuar vertebrando a nosa resposta como país fronte á violencia machista, asinaron o 22 de xullo de 2022 no marco da Conferencia Sectorial de Igualdade un acordo de renovación onde novamente se plasmou a vontade de todas as partes actoras institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

Así, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o dito Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do dito Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero aprobado no ano 2017, co obxecto de asegurar as condicións básicas que garantan a igualdade de todas as mulleres no exercicio dos seus dereitos fronte á violencia. Este acordo ten como finalidade consolidar o traballo fronte á violencia contra as mulleres no conxunto do Estado, avanzando na institucionalización e a permanencia dos compromisos adquiridos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. A estes efectos, o acordo ten por obxecto impulsar o deseño de mecanismos de colaboración que garantan a estabilidade orzamentaria e administrativa de maneira que permitan soste os



actuais e futuros servizos vinculados ao Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia de Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027). Este Plan recolle o Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres e dedica a súa Subárea 1.2 a Educación en igualdade na cal se establecen diversas actuacións, entre elas: Garantir a realización de estudos e investigacións de xénero e de todas as formas de violencia contra as mulleres na formación universitaria, garantir a formación especializada obrigatoria, inicial, continua e permanente do persoal docente de todos os niveis, etapas e grados educativos, impulsando a aplicación dunha metodoloxía didáctica inclusiva e igualitaria que favoreza o cumprimento da súa labor como profesionais relacionados directamente coa promoción da igualdade de xénero, e coa prevención e a detección de todas as formas de violencia contra as mulleres. Elaborar ou actualizar protocolos de actuación ante a violencia contra as mulleres no ámbito educativo.

O 26 de febreiro de 2025 o pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as medidas que incluía en 2017 de 290 a 461, e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a violencia económica e a dixital.

As medidas que contén o Pacto de Estado repártense en dez capítulos que abordan a loita contra a violencia machista desde distintos ámbitos: sensibilización, resposta institucional, asistencia e protección ás vítimas, formación, estudos e seguimento estatístico.

Sétimo.- A USC, de acordo cos seus Estatutos, é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de



autonomía, de acordo con estes Estatutos e no marco da lexislación vixente. Está inscrita no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-1064.

Nos seus Estatutos e concretamente no seu artigo 2 establece que a USC organizarase de xeito democrático e asegurará a participación dos diferentes sectores da comunidade universitaria no seu goberno. Levará a cabo unha decidida defensa da igualdade entre mulleres e homes coa promoción da súa participación igualitaria na toma de decisións e asumirá os principios de liberdade, igualdade, xustiza, pluralismo, sustentabilidade e compromiso ético como inspiradores da vida universitaria. E como unha función da mesma recóllese no seu artigo 7.4 que: A USC garantirá a aplicación do principio de igualdade de xénero.

Así mesmo, no seu artigo 4.4 establece que para o mellor cumprimento dos seus fins, a USC poderá articular as súas actividades con outras universidades, dentro e fóra do sistema universitario galego, e manterá relacións con centros de investigación e institucións culturais e sociais.

Oitavo.- A USC atópase en condicións de levar a cabo medidas concretas para o ano 2026, enmarcadas nos seguintes eixes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero:

O capítulo 1 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, recolle medidas relativas á prevención e á sensibilización fronte a violencia de xénero, prevendo a posta en marcha de accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade, as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a súa vida e a das seus fillos e fillas. Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, a adolescentes e á mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

O capítulo 8 recolle medidas relativas a visualización e atención a outras formas de violencia contra as mulleres, como a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a violencia sexual a mutilación xenital feminina e os matrimonios forzados. De conformidade co Convenio do Consello de Europa para previr e combater a violencia contra a muller inclúense todos os actos de violencia baseados no xénero que impliquen ou podan implicar para as mulleres danos ou



sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar estes actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada.

Noveno.- A Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario fomentar coa concesión dunha subvención pública a realización por parte da USC das referidas medidas.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é establecer unha colaboración o máis estreita posible coa USC para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, en consonancia co sinalado no artigo 2 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, que sinala como un dos obxectivos e fins propios do mesmo a especial atención ao fomento da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a USC coa concesión directa dunha subvención pública para o desenvolvemento pola dita Universidade de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, como as que a continuación se relacionan:

- Realizar actuacións para o impulso da educación afectivo-sexual nas etapas educativas ás que fai referencia o artigo 4 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero,



en consonancia co establecido na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e a Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual. (Medida 5 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).

- Incorporar, de acordo con a repartición competencial e en todas as etapas educativas, incluídas as non obrigatorias, a prevención da violencia contra as mulleres e do machismo, incluíndo ademais nos currículos escolares, os valores da igualdade, a diversidade e o respecto, así como do papel dos referentes femininos na historia, o deporte e a cultura. Garantir a súa inclusión, supervisión de contidos e seguimento a través da Inspección Educativa. (Medida 6 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).
- Promover, nos centros educativos, talleres e actividades formativas para a prevención da violencia sexual, traballando especificamente cos nenos e homes adolescentes, impartidos por persoal acreditado pola Administración. (Medida 9 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).
- Impulsar o cumprimento do artigo 7 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, dedicado á formación inicial e permanente do profesorado, para que os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Mestre ou Mestra e dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio das profesións de Profesor ou Profesora de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas, inclúan competencias relacionadas coa igualdade de dereitos e obrigacións de homes e mulleres, a prevención da violencia de Xénero e a resolución pacífica de conflitos. (Medida 15 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).
- Profundar na integración, no ámbito científico, da perspectiva de xénero nos proxectos de investigación e os traballos académicos, así como nos procesos de selección de persoal e concorrencia competitiva de proxectos, impulsando o cumprimento da Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. (Medida 31 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).



- Impulsar a formación especializada en violencia de xénero para os e as profesionais dos medios de comunicación. (Medida 54 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).
- Formar especificamente en violencia dixital contra as mulleres a todos os axentes e profesionais que traballen na detección, atención, recuperación e reparación. Crear materiais e guías para a identificación das violencias contra as mulleres en contornas dixitais e para o desenvolvemento de estratexias de prevención, mitigación e resposta. (Medida 417 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero).

Segunda.- Financiamento

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións que ten previsto desenvolver a USC, ascende á cantidade de 50.000€.

Para sufragar os gastos derivados das medidas a subvencionar a través do presente convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade total de 50.000€ (cincuenta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.444.0 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Os importes establecidos para cada unha das actuacións a desenvolver poderán ser obxecto de reasignación entre si, sen que en ningún caso se supere a cantidade total establecida no convenio.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que sexan realizados e pagados entre o **1 de xaneiro de 2026 e o 10 de decembro de 2026**. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



A tipoloxía de gastos subvencionables correspóndese con gastos de servizos e subministracións para o desenvolvemento dos cursos de formación específica, obradoiros, cursos de formación do persoal, xornadas, proxectos de investigación, seminario permanente de comunicación en xénero, congreso de novas formas de violencia de xénero no ámbito dixitalos cursos, proxectos de investigación obradoiros e congresos.

Cuarta.- Xustificación da subvención e pagamento

A xustificación dos gastos efectuarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que a desenvolve, mediante a presentación da seguinte documentación:

- **Memoria final** das actuacións desenvolvidas na que se recollerán os medios humanos e materiais empregados, as experiencias do funcionamento, que indicará, as actividades realizadas e, de ser o caso, as persoas participantes en cada actuación desagregadas por sexo, ademais daqueloutros aspectos que a entidade considere salientables. Así mesmo entregarase a dita memoria en formato editable.
- **Certificación** da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade da axuda concedida, na que se faga constar de forma detallada:
 - o cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.
 - os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada.
- **Declaración responsable** doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
- **Certificacións acreditativas** de estar ao día das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Á vista desta documentación a Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, como órgano competente da Consellería de Política Social e Igualdade,



comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor á previsto na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto de xustificación.

A Consellería de Política Social e Igualdade reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da entidade beneficiaria remata o **14 de decembro de 2026**.

Quinta.- Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos a conta por un importe de ata o 80% do importe da subvención conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

De acordo co establecido no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación cos seus artigos 62.3 e 67, quedan exonerados da constitución de garantías os beneficiarios e as beneficiarias de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, transferencias correntes, destinados a familias e institucións sen fins de lucro.

Sexta.- Tramitación na sede electrónica da Xunta de Galicia

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na



normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

Para a presentación da documentación poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A entidade beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Sétima.- Notificacións

As notificacións practícaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso a entidade beneficiaria deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Oitava.- Reintegro da subvención

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización dos gastos subvencionados ou da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso ao reintegro da totalidade da axuda percibida.
- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables ou da obriga da xustificación, e dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte, procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras



administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

Novena.- Obrigas da entidade beneficiaria

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a USC, como entidade beneficiaria da subvención, comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que configuran as medidas a subvencionar, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, así como que as axudas están a ser financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Igualdade), deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as accións, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos (incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia).
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas de estar ao no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelán se esta é requirida.
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de



impostos, retencións e cotas que levan consigo as actuacións derivadas da execución das medidas a subvencionar a través do convenio.

- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Política Social e Igualdade.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro.
- Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ás medidas a subvencionar a través do presente convenio. Así mesmo queda obrigado a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida como responsable do tratamento da información.
- Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.



- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décima.- Compatibilidade

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

Décimo primeira.- Inexistencia de relación laboral

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal, que no seu caso, precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Política Social e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado a mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen as actuacións a subvencionar a través do dito convenio de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a esta consellería ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Décimo segunda.- Modificación do convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no regulamento da citada lei.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do



sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Décimo terceira.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se execute o gasto obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos intereses de demora acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde a orixe do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Décimo cuarta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da USC designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.



A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de de Loita contra a Violencia de Xénero e será designada pola persoa que asuma a Presidencia.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo quinta.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que os exclúe expresamente no artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro ; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Contra estes acordos cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Décimo sexta.- Publicidade e rexistro do convenio

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo sétima.- Protección de datos

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da



concesión directa da subvención a través do dito convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-personais>.



Décimo oitava.- Duración

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante os gastos realizados pola USC, no desenvolvemento das medidas enmarcadas no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, ao abeiro do presente convenio poderán ser subvencionados desde o 1 de xaneiro de 2026.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, asíñase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E A REITORA DA UNIVERSIDADE DE
IGUALDADE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fabiola García Martínez

Rosa María Crujeiras Casais

